

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE MONTERREI PARA A MELLORA AMBIENTAL E PAISAXÍSTICA NA CARIDADE, CONCELLO DE MONTERREI

O xerente de Turismo de Galicia

### DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co Concello de Monterrei o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2026.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Monterrei para a mellora ambiental e paisaxística na Caridade, concello de Monterrei.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

**Primeiro.-** A Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 dos seus estatutos, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, é a entidade pública instrumental do sector público autonómico de Galicia á que lle corresponde o impulso e execución da política turística da Xunta de Galicia en relación coa promoción da calidade e a innovación, o desenvolvemento, mellora, información e difusión do sector turístico galego, potenciando a devandita oferta, mediante a comercialización, información e difusión do produto turístico da Comunidade Autónoma de Galicia.

Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.

**Segundo.-** O Concello de Monterrei, no intento da posta en valor do patrimonio cultural existente e co fin de dalo a coñecer ás persoas visitantes e peregrinas que recibe propón a execución de actuacións de recuperación e mantemento en correcto estado de



conservación de diferentes bens de interese patrimonial no interior do núcleo, de xeito que as condicións nas que se atopen sexan acordes ó medio onde se emprazan.

En agosto de 2025 a aldea da Caridade foi arrasada por un devastador incendio que destruíu unha vintena de casas e que a afectou case nun 100%. A pesar das actuacións das administracións, fundamentalmente no desentullo, tanto as vías como os espazos verdes víronse afectados, e aínda hoxe non se actuou sobre eles. Este proxecto xurde, pois, como consecuencia da necesidade de mellorar tanto a pavimentación como o medio ambiente da zona afectada polo incendio.

Actualmente as rúas atópanse nun estado moi deficiente para o tránsito, tanto viario como dos propios veciños. As obras de drenaxe, así como arquetas e sumidoiros, encóntranse obstruídos, debido a derrubamentos de casas e con tránsito de maquinaria para retirar entullos de casas e rúas.

**Terceiro.-** O estado actual da vía presenta deficiencias que afectan á súa estabilidade e funcionalidade, derivadas do avanzado deterioro do firme e do mal estado das infraestruturas existentes. Esta situación fai necesaria unha actuación integral que contemple a renovación completa do pavimento, así como o soterramento e substitución das instalacións actuais que con cumpren adecuadamente a súa función.

A intervención proxectada permitirá restituír a capacidade portante do camiño, mellorar as condicións de drenaxe e garantir a correcta evacuación de augas residuais, contribuíndo deste xeito á durabilidade e adecuada conservación da infraestrutura viaria.

A actuación proxectada ten como finalidade satisfacer as seguintes necesidades:

- Restablecer a estabilidade estrutural da vía mediante a reparación do firme e un triplo rego.
- Limpeza de obras de drenaxe co fin de evitar escorrentías superficiais que afecten tanto a casas que non foron afectadas como a aquelas que están en ruínas e con risco de derrubo.
- Mellora ambiental, consistente na realización de rozas para a súa recuperación.

Deseguido indícase polo miúdo as actuacións que se levarán a cabo:

- TRABALLOS PREVIOS



- Limpeza de arqueta ou embocadura
- Limpeza de cano obstruído por medios manuais
- Roza e limpeza de camiño

#### - MELLORA PAISAXÍSTICA

- Roza de matogueira con motorrozadora

#### - MELLORA DE VÍAS

- Varrido de firme por medios mecánicos
- Triplo rega asfáltica ECR-2
- Reparación de firme con aglomerado en frío

#### - XESTIÓN DE RESIDUOS

- Xestión en centro autorizado de terras e materiais pétreos mesturados

Unha parte das actuacións desenvolveranse na contorna de protección da igrexa da Virxe das Neves da Caridade, elemento recollido no catálogo de elementos de patrimonio cultural do Plan Básico Autonómico de Galicia. A dita igrexa é un templo adxunto á parroquia de Flariz no que se venera a imaxe da Virxe das Neves. Aglutina ao seu redor toda unha serie de elementos e espazos singulares, dos que é clara referencia. A súa silueta de directriz horizontal contrasta coa vertical da súa única torre, que ten máis protagonismo como fito visual no núcleo e na paisaxe de arredor.

**Cuarto.-** A Estratexia de Turismo de Galicia 2030 ten como misión impulsar un turismo auténtico e sostible. Esta artículase a través de misións, sendo unha delas a mobilidade, conectividade turística e reequilibrio territorial. Unha primeira liña de traballo incide en mellorar a percepción do destino e garantir e facilitar información sobre este. En segundo lugar, o turismo é a grande actividade económica capaz de redistribuír riqueza e facilitar emprego en áreas especialmente vulnerables e que afrontan o reto demográfico. A estratexia busca apuntalar o turismo rural cara ao ano 2030, mellorando a súa planificación, facilitando investimentos e xerando novas experiencias, máis atractivas e innovadoras, pero, sobre todo, que reforcen a cultura e a identidade local.

Neste senso cómpre mellorar os investimentos no turismo rural para manter o rico



patrimonio histórico ou, con carácter xeral, xerar infraestruturas básicas que melloren a experiencia turística. Consegúrase así non só mellorar a accesibilidade a zonas menos visitadas, senón que tamén se contribuirá a distribuír os fluxos turísticos de maneira máis equilibrada e fomentarase un turismo responsable e sostible.

Este proxecto supón a posta en valor dos recursos turísticos do concello, o que tamén contribuirá á revalorización do turismo da Comunidade Autónoma e a necesidade de atender áreas con necesidades específicas, para a mellora da calidade de vida da poboación, ofrecendo ao visitantes produtos turísticos seguros, que incidirán na promoción e potenciación do turismo en Galicia.

Que a través deste convenio, outórgase ó Concello de Monterrei unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

